



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

**D<sup>a</sup>. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

**12.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO. EXPTE. 1467/1102.**

Dáse conta da proposta de data 04/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade co artigo 2 dos Estatutos Fundacional do Consorcio da Zona Franca de Vigo aprobado por Orden Ministerial do 24 de xullo de 1951, Boletín Oficial del Estado núm. 213 de data 1 de Agosto de 1951 e modificado por Orden Ministerial de 11 de maio de 1998 o "Consortio de la Zona Franca de Vigo" estará constituído, entre outros, polo Presidente, o Alcalde del Excelentísimo Concello de Vigo e cinco vogais, concelleiros/as do Excelentísimo Concello de Vigo.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** O Concello de Vigo estará representado no Consorcio da Zona Franca de Vigo polo seu Alcalde-Presidente **D. Abel Caballero Álvarez** e polos concelleiros e concelleiras

1. Dna. Maria del Carmen Silva Rego
2. D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
3. D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Caride Estévez
4. D. Ángel Rivas González
5. D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Segundo.-** Comunicar este acordo ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/07/2023 13:55	Páxina 1 de 2
1467-1102	CSV: A2AD2D-81BA4A-E24587-4VA911-QY634H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Terceiro.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Cuarto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/lf.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/07/2023 13:55	Páxina 2 de 2
1467-1102	CSV: A2AD2D-81BA4A-E24587-4VA911-QY634H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		